


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

7-8 de outubro do 2023

XXVII ORDINARIO A



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 53 *Onda Ti noso Pai neste día*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Vivimos neste mundo como se fora todo noso e todo para nós, por iso ás veces perdemos a perspectiva. Crémonos os donos e non nos damos conta de que aquí non estamos máis que de paso.

Con isto de fondo, Xesús na parábola que hoxe nos conta no evanxeo acláranos que o mundo no que vivimos é a viña do Pai e nós soamente somos os labregos que traballamos nela e para El.

A nosa dedicación, os nosos esforzos teñen que dar froitos. Trátase de facer un mundo mellorado e non un mundo do que aproveitarnos.

Na parábola os labregos non o fan ben, e o único que queren é apropiarse da viña, mesmo matando o herdeiro.

A nós, Xesús invítanos hoxe a traballar nesta viña do Pai que é o noso mundo. Quere que a coidemos para que dea froitos bos e abundantes. Estamos dispostos?.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *É o momento de dar unha resposta á invitación que nos fai Xesús de traballar na viña do Pai. Pero sabemos que moitas veces non estamos dispostos a responder á súa chamada por iso pedimos perdón:*

Monitor/a

➤ Perdón por non entender que na vida estamos chamados a dar froitos, para nós e para os demais.

Señor, dános a túa esperanza

➤ Perdón por non estar dispostos a colaborar cos feitos á hora de percorrer xuntos o camiño de facer do mundo un lugar mellor para todos.

Cristo, dános a túa esperanza

➤ Perdón porque a pesares de que todas as persoas posuímos a mesma dignidade, aínda nos cremos uns mellores que os outros.

Señor, dános a túa esperanza

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós e dos que teñen lugar no noso corazón e nosa vida. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; pedímoslle ao Señor que nos axude a darnos conta de que aquí estamos de paso, e que temos a tarefa de coidar e mellorar o mundo cos nosos bos froitos.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, o teu amor é tan grande que sobrepasa os méritos e mesmo os desexos dos que che suplican.

Móstranos a túa misericordia, perdóanos o que oprime a nosa conciencia e concédenos o que nin sequera nos atrevemos a dicir. Pedímoscho por Xesucristo, noso Señor. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Na nosa parroquia e en Os Cotos podemos aplicarnos os consellos que San Paulo dá aos primeiros cristiáns de Filipos, e que agora imos escoitar na súa carta.*

Tamén vai valer a pena escoitar o conto de Xesús de hoxe, pois ensínanos que temos o mundo nas mans. Non é noso, pero Deus púsao en nós para que cos nosos feitos sexa un mundo mellorado. Escoitamos.

LECTURA DA CARTA AOS FILIPENSES

Irmáns e irmás:

Non desacouguedes por cousa ningunha. En todo presentádelle a Deus as vosas peticións con oracións de súplica e acción de grazas. E a paz de Deus, que supera toda intelixencia, custodiará os vosos corazóns e os vosos pensamentos en Cristo Xesús.

Do resto, meus irmáns, todo o que sexa verdadeiro, todo o que sexa serio, todo o que sexa xusto, todo o que sexa enxebre, todo o que sexa estimable, todo o que sexa honroso, calquera virtude ou mérito que haxa, iso é o que debedes estimar. O que aprendestes, recibistes, oístes e vistes en min, iso é o que tedes que levar á práctica. E o Deus da paz irá convosco.

Palabra do Señor

♪ n° 41 *Quen nos vai separar de Ti* SALMO

(en pé) Leccionario I A páx 262 Mt 21,33-43 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela díxolle Xesús aos sumos sacerdotes e aos anciáns do pobo esta parábola:

Dunha vez había un propietario que plantou unha viña; rodeouna dun valado, cavou nela un lagar e construíu un caseto para o garda. Logo, arrendoulla a uns viñadores e marchou para lonxe.

Cando chegou o tempo da vendima, mandou os seus criados aos viñadores, para cobrar as rendas. Pero os viñadores agardáronos, e a un zorregáronlle, a outro matárono e a outro apedrárono. De novo mandou outros criados, máis numerosos; pero tratáronos do mesmo xeito.

Por último, mandoulle o seu propio fillo, dicindo para si: "O meu fillo hano respectar". Pero os viñadores, ao veren o fillo, comentaron: "Este é o herdeiro: veña, matémolo, e a herdanza será nosa". E agarrárono, botárono fóra da viña, e matárono.

- Ben, e cando veña o señor da viña, que fará cos viñadores aqueles?

Respondéronlle:

- A eses malvados faraos morrer de mala morte, e arrendaralle a viña a outros viñadores, que lle paguen as rendas no seu tempo.

Díxolles entón Xesús:

- Seica non lestes nunca na Escritura:

A pedra que desbotaron os canteiros é agora o esquinal: esa pedra colocouna o Señor, ¡que regalía para nós!?

Por iso dígovos: quitarásevos a vós o Reino de Deus, e daráselle a un pobo que produza bos froitos.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

Unhas palabras a xeito de homilía para pensar en silencio



Xesús nesta parábola de hoxe ensínanos que:

- * Temos a responsabilidade de coidar a terra que temos nas nosas mans, pero moitas veces facémolo créndonos os donos e propietarios.
- * Só somos COIDADORES e non podemos facelo mal, pois as consecuencias serán para nós mesmos e para as xeracións vindeiras.
- * Na parábola tamén o FILLO está para coidar, aínda arriscando a vida.
- * En que se nota que estamos aportando o noso para que este sexa un mundo coidado?. En que o melloramos, e en que o podemos facer mellor?.

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante

Neste encontro parroquial, comprometémonos a poñer os mellores feitos para coidar e dar froito nesta terra que o Pai pon nas nosas mans. Crer e facer crible é o que agora rezamos:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus Pai e Nai, que na vontade de amar nos creou á súa imaxe e semellanza para coidar?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús, irmán que nos convida a compartir dando froitos de xustiza e paz?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito Santo que alenta no corazón para amar e compartir coma fillos de Deus facendo mellor este mundo que temos nas mans?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na igrexa, familia dos homes e mulleres que queren seguir os pasos de Xesús testemuñando o evanxeo?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos pola fe, dende a nosa parroquia, rezamos cos homes e mulleres que se preocupan e coidan a terra, e canto hai nela. Facémolo dicindo:*

Señor, axúdanos a dar unha man

Monitor/a:

- ✓ Para que na Igrexa descubramos que os froitos da viña están na capacidade de ofrecer o amor a quen se sente so, enfermo, empobrecido ou desesperanzado, oremos
- ✓ Para que non perdamos esperanza e ilusión pola vida, aínda que ás veces non tratemos ben o mundo, oremos
- ✓ Para que sigamos coidando e facendo cribles unhas comunidades cristiás dispostas a facer ben, oremos
- ✓ Para que as persoas que teñen a responsabilidade de gobernar, non pechen os ollos ante a traxedia na que viven os refuxiados, oremos
- ✓ Para que a paz non se quede nunha palabra e teña detrás o empeño de todos por facer un mundo mellor, oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe acolles as nosas preocupacións e desexos axudándonos a vivir na responsabilidade de facer ben cos nosos feitos. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Ao Deus dono da viña, que confía en nós e espera a nosa colleita, rezámoslle dicindo:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ofrecer a nosa axuda para mellorar este mundo que compartimos.*

Con corazón de irmáns que se aman, confiemos e non desacougemos como aconsella San Paulo, e así a paz de Deus estará preto de nós e poderemos compartila con todos, como agora estamos dispostos a facer.

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Participamos hoxe na mesa, como os labregos despois do traballo, para retomar forzas e poder volver a conseguir novos froitos. Xesús reparte o pan e dános ánimos e forzas para non desacougar.*

Ditosos nós que hoxe somos chamados a traballar na viña do Pai para facer realidade o seu Reino na terra. Ditosos nós convidados a esta viña do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 *nº 43 Non vou só*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, acompaña coa túa protección constante ao pobo que renovaches na fe compartida coma comunidade.

Ti, que nunca deixaches de nos axudar, fainos merecentes da salvación eterna.

Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén.

Con Xesús queremos ser unha comunidade na que confiar para o coidado da terra e da natureza.

Con Xesús queremos ter un trato xusto e digno cos demais procurando sempre unhas relacións humanas baseadas na igualdade, no respecto e na paz.

Que a celebración que agora rematamos nos dea azos para vivir mellorando esta terra que temos nas mans, como nos convidou Xesús na parábola do evanxeo de hoxe.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

Podémonos ir en paz



“Coidar a viña do mundo, e dar froitos de ben é o que se espera de nós”

Intuímolos na parábola de Xesús do evanxeo de hoxe